

Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.

Ficha documental da epistola de Luís Seoane, a Domingo García-Sabell do 05/05/1978

Colección:

Data: 05/05/1978

De:

Luís Seoane;

Para:

Domingo García-Sabell;

Orixe:

Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional), América (continental)

Destino:

Santiago de Compostela (municipal), Santiago de Compostela (comarcal), A Coruña (provincial)

Ficha descriptiva:

[Carta mecanografada]

Localización física:Fundación Luis Seoane

Temáticas:

Artes; Autores/as; Política;

Mencionados:

Victoria Armesto; Xenaro Mariñas; Eduardo Moreiras; Valentín Paz-Andrade; Ramón Piñeiro; Antonio Rosón; Maruxa Seoane; Elena Tormo;

Transcripción da epistola de Luís Seoane, a Domingo García-Sabell do 05/05/1978

Buenos Aires, 5 de Abril de 1978

Sr. D. Domingo García Sabell
Santiago

Querido Domingo:

Recibín a tua carta do 23/II que che agradecín moito. Tes a virtude, tan pouco

frecuente, de infundir optimismo. Chegóume nun intre de decaimento. Non sei que facer. Quedar eiquí definitivamente ou voltar a Galicia xa pra sempre. Si marchó, renuncio a unha carreira feita, a unha obra que seguramente non voltarei a ver máis. Enténdese que si renuncio a esto é somente pra voltar a Galicia. En Madrid, ou Barcelona, síntome moito mais alleo que en Buenos Aires. Ben, todo esto temos que resolvelo Maruja i eu. Sabémolo. Mais dígocho a ti soio, cecáis porque decíndoo matino que alivio o meu decaimento e a preguiza que sinto.

Os meus álbumes non sairán denantes de fin de ano. Mais, tan pronto os teña impresos remitireichos. Lamento o ocorrido coa presidencia da Xunta de Galicia. Co comportamento da maioría parlamentaria. O presidente deberían de ser tí ou Piñeiro, ninguén mais. Eu non sei ben quen é Rosón, nin o grado de galeguista que é. Algúns de Lugo deiquí non falan moi ben dél. Eu non tomo partido. Un senso primario galeguista téñeno todos os galegos. Alégrome moito de que tomes partido pola xente das Encrobas. A min paréceme unha causa xusta, e nós, alleos ao comercio e á industria, necesarios, mais que todo o emporcan, temos a obriga de defender os mais débiles. Así polo menos pensei eu e sei que tamén tí. Pertencemos á mesma escola da F.U.E. e a uns anos que nos marcaron pra sempre. Os que viñeron tras nós, somente catro ou cinco anos despois, xa non teñen a nosa formación, nin tiveron a mesma adhesión a uns principios morales que a nos asináronos pra sempre, aínda estando eles con nos. O oportunismo que seguíu inmediatamente despois da rotundidade deses principios fixéronos diferentes aínda estando, ou parecendo estar, dun mesmo lado. Os anos que nós vivimos denantes da guerra civil, constituíron un límite de duas épocas en que se dividíu o mundo. A min sorprendeume, en Galicia, dende o meu primeiro viaxe do ano 60, a coincidencia de criterios os que nos formamos a fin da década do vinte con aqueles que o fixeron pouco mais tarde. Foron os precursores, creo, do confusionismo de moito[s] dos mozos de hoxe. Supoño que esto estará estudado.

Agradecinche o envío da reseña da intervención parlamentaria de Totorá, e tamén a noticia da entrada na Academia de Valentín, Moreiras e Mariñas. Trátase de personas de valor que penso poden traballar nela. Gostaríame moito que si se imprimen os discursos me gardásedes un exemplar. Tamén das conferencias pronunciadas por ti si se publican.

Recíbide Elena e tí unha forte aperta de Maruxa e miña:

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.